

Vigo, 5 de Abril de 2010

Despois destes días de non actividade que tivemos no Sistema II, e seguindo a liña informativa de todos os factores que están a influír nos traballadores/as como consecuencia da baixada de produción, e sen deixar de amosar o noso apoio para cos Eventuais que deixan a fábrica (agardamos que temporalmente) a C.I.G. esta a facer un seguimento destes cambios organizativos.

Dicimos isto, porque detrás destes escalóns produtivos, se moven persoas...os que se cambian de taller... de quenda...se modifican repartos... desaparecen postos...etc. etc., por iso, a C.I.G, sabedora que nestes procesos sempre hai a quen se lle vai a man, intentamos que dende o coñecemento todos/as actuemos sabedores das nosas obrigas e dereitos.

Nesta ocasión, e para evitar que a baixada de cadencia represente unha *“oportunidade”* para quitarnos máis esforzo os traballadores/as, é polo que damos a coñecer o noso estudo das liñas da M.2 antes da produción actual.

Así, no mes de Marzo, para fabricar 428 vehículos en cada quenda, as Liñas de Montaxe da M.2. empregaban, para o seu funcionamento 408 postos de traballo, os cales estaban distribuídos da seguinte maneira:

Marzo

UEP	Nº de POSTOS	UEP	Nº de POSTOS
50	31	61	32
52	36	7	36
54	33	8	29
55	31	9	44
56	40	3	40
60	25	59	31

Este era o mapa do mes pasado, onde contaban tamén con 72 ADPs., e aínda así, para poder levar a cabo esta produción, en moitos destes postos as cargas eran elevadas, de aí que unha das consecuencias fose o alto porcentaxe de compañeiros que caen de baixa.

Tendo en conta que a previsión é dunha baixada para este mes de abril do 39%, é dicir pasar a facer unha produción de 262 vehículos por quenda, a C.I.G. instamos a Dirección a que manteña as xuntanzas necesarias, cos diferentes Departamentos encargados de elaborar e equilibrar este novo reparto, co fin de que os traballadores/as non teñamos que ser os que paguemos no día a día as consecuencias dos posibles erros.

Agora quédanos por saber as cifras deste novo reparto en canto o número de postos, que unha vez feito o estudo darémolo a coñecer e saberemos se esta baixada de produción serviu para corrixir as deficiencias, ou polo contrario veñen a cargar máis os repartos.